



A ATENCIÓN DA DIRECCIÓN DA EMPRESA

En Vigo a 18 de outubro de 2022

INFORMACIÓN DO ESTADO DA NEGOCIACIÓN DO CONVENIO DE COMERCIO DE METAL DE PONTEVEDRA

Como ben saben o convenio de aplicación na súa empresa, rematou a súa vixencia o pasado ano 2019, as tres centrais sindicais representativas conseguimos despois de moitas peticións que se constituíse a mesa de negociación, na cal, ademais de nós, están participando dúas asociacións, ATRA e ACE.

No momento de comezar a negociar, lles trasladamos a solicitude de que este convenio pasase a incorporarse ao novo de Comercio Vario (onde están catro sectores textil polo miudo, maiorista, bazares e pel) que naquel intre estabamos a negociar, negándose ATRA a participar.

Levamos moitos meses tentando rematar esta negociación, tendo cedido a parte social nas nosas pretensións polo ben de chegar a un acordo, incluso aceptando que no 2020 e 2021, non houbera incremento salarial.

Nas últimas reunións, fixéronse diversas ofertas, por ambas partes, estando enriba da mesa propostas económicas e sociais.

Na reunión celebrada o pasado 11 de outubro, ATRA, retirou todas as propostas alegando que a parte social pedíramos moito na anterior reunión, as tres centrais sindicais quedamos sorprendidas desta actitude, consideramos que non se está actuando de boa fe e que a persoa que negocia o convenio en nome do sector non está a altura desta negociación e non está sendo consciente da súa irresponsabilidade.

O feito de que a patronal rompese a mesa de negociación, obriga a que as persoas traballadoras se teñen que mobilizar para loitar polo seu convenio, máxime cando levan dende o ano 2020 sen incrementos salariais, e nos tememos que rematemos cunha folga no sector.

Creemos que a dirección da súa empresa, non está sendo informada do que está ocorrendo coa negociación do convenio, pero si vostedes non participan, van a seguir estando enganados, lles pedimos que participen e sexan conscientes da situación na que nos atopamos, empresas e persoas traballadoras.

Atentamente.

Jorge Carnero

CCOO

Transi Fernández

CIG

Roberto Puga

UGT